

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

*Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas)*

### **OPCIÓN 1**

“Poño a un lado, con gran reverencia, o nome de *Heráclito*. Mentres que o resto do pobo dos filósofos rexeitaba o testemuño dos sentidos porque estes amosaban pluralidade e modificación, el rexeitou o seu testemuño porque amosaban as cousas como si tivesen duración e unidade. Tamén Heráclito foi inxusto cos sentidos. Estes non menten nin do xeito como cren os eleatas nin do xeito como cría el, non menten de xeito ningún. O que nós *facemos* do seu testemuño, iso é o que introduce a mentira, por exemplo, a mentira da unidade, a mentira da coseidade, da substancia, da duración... A “razón” é a causa de que nós falseémo-lo testemuño dos sentidos. Amosando o devir, o perecer, o cambio, os sentidos non menten... Pero Heráclito terá eternamente razón ó dicir que o ser é unha ficción baleira. O mundo “aparente” é o único: o “mundo verdadeiro” non é máis ca un *engadido mentireiro*”.

NIETZSCHE, F., *O crepúsculo dos ídolos*. A “razón” en Filosofía, 2.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Cales son as características do “Nihilismo” de Nietzsche? ¿Pódese evitar-lo “Nihilismo” sen transmuta- los valores?.
3. A partir de que o “Nihilismo” é resultado do esgotamento dos valores inadecuados y ficticios, ¿en qué consiste o seu VITALISMO?.
4. Explica o Fenomenismo e Perspectivismo de Nietzsche. ¿En qué consiste o coñecemento racional?.

### **OPCIÓN 2**

“Consta, pois, que a cidade é cousa que consiste en natura, e que é primeiro que ningún de nós. Porque se cada un vivira solitario non podería bastarse a sí mesmo; será, comparado coa cidade, da mesma maneira que as partes co todo. Pero aquel que en ningunha cousa pode facer compañía, ou el que por ser para sí mesmo suficiente non ten necesidade de cousa algunha, ningunha parte é da cidade, de maneira que, ou será besta ou será Deus.

Tódolos homes, pois, teñen naturalmente este desexo de vivir en semellante comunidade. E o primeiro que a xuntou foi autor dos maiores e mellores bens. Porque así como o home, posto na súa perfecta natureza, é o mellor de tódolos animais, así tamén, apartado da lei e da xustiza, é o peor de todos, porque non hai causa tan terrible coma un home inxusto, con armas e poder. Pero o home, posto en poder e señorío, modérase coa prudencia e a virtude, aínda que pode facer tamén un uso contrario”.

ARISTÓTELES., *Política*, Lib. I, cap. II.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Exposición da *Teoría hilemórfica* e a súa aplicación ó ser humano.
3. Orixe da sociedade e formas de goberno, en Aristóteles.
4. ¿En qué consiste o *ben* e a *virtude*, para Aristóteles.

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

*Avaliación dos exercicios: Análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).*

### OPCIÓN 1

“Polo tanto –concluí- con traballo fixemos esta travesía, e acabamos recoñecendo de forma convincente que na alma de cada un de nós hai as mesmas clases, e en idéntico número, que no Estado.

- Iso é.
- E é preciso que así como o Estado é sabio, tamén o sexa o individuo, da mesma forma e pola mesma razón que a cidade.
- Certo.
- ¿E non será polo mesmo polo que o Estado é valente, que tamén, e da mesma forma, o sexa o individuo e que así suceda nun e noutro en todo o demais tocante á virtude?
- Necesariamente.
- Así, Glaucón, temos que decir, me parece, que o home é xusto por idéntica razón pola que o estado é xusto”.

PLATÓN, *República*, Lib. IV, cap. 16.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Doutrina platónica das *Ideas*, como referencia central de toda a súa filosofía.
3. Analiza que son a alma e o corpo e as relacións entre unha e outro.
4. Explicación platónica da *Physis* (natureza). ¿Difere a súa explicación da explicación aristotélica?

### OPCIÓN 2

“Na parte analítica da crítica demostrase que espacio e tempo só son formas da intuición sensible, ou sexa meras condicións da existencia das cousas en canto fenómenos; que non posuimos conceptos do entendemento e, por conseguinte, tampouco ningunha clase de elementos para coñecer-las cousas, na medida en que se pode da-la intuición correspondente a estes conceptos, e, en consecuencia, non podemos ter coñecemento de ningún obxecto como cousas en sí mesmas, senón só na medida en que é obxecto da intuición sensible, é decir, como fenómeno. De aquí, pois, séguese certamente a limitación de calquera posible coñecemento especulativo da razón ós meros obxectos da experiencia. Con todo, certamente, hai que ter en conta que nisto sempre se deixa a salvo que nós, aínda que non poidamos recoñecer a estes obxectos como cousas en sí mesmas, polo menos témoslo que poder pensar. Porque, outramente, seguiríase a absurda proposición de que habería un fenómeno sen nada que se manifeste”.

KANT, I., *Crítica da razón pura*. Prólogo 2ª ed.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Que supoñe a *Ilustración* en Kant?
3. ¿Por que en Kant a cuestión primordial e a tarefa inmediata da razón radica na posibilidade dos xuízos  *sintéticos a priori*? ¿Que clases de xuízos distingue?
4. O problema da moralidade en Kant.

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

### 1. Con carácter xeral:

Os que figuran no Deseño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

a) Analisa-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).

b) Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.

c) Ordenar e situar cronolóxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

### 2. Con carácter específico:

a) O alumno, mediante a análise, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos e termos** que os denominan co seu significado no texto e histórico e contextualizará o fragmento dentro da obra do autor.

b) A resposta a cada unha das cuestións adecuarase ó os contidos do bloque a que se refira.

c) Valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de **tipo actitudinal e procedemental**.

### 3. Puntuación: (ata un máximo de 10 puntos)

Análise de texto .....	4 puntos
1ª cuestión .....	3 puntos
2ª cuestión .....	3 puntos